

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 20 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 50683 (10/CPC-000113)
Do director xeral de Políticas Culturais, por petición propia, para informar sobre a Estratexia da Cultura Galega

Punto 2. Preguntas

- 2.1 48776 (10/POC-007741)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para externalizar a elaboración dos informes referidos ao impacto das obras que afectan bens patrimoniais e a súa encomenda á empresa Tragsatec, así como as da demora na publicación da resolución referida á adxudicación do servizo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019
- 2.2 50320 (10/POC-007927)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a autorización pola Consellería de Cultura e Turismo das obras de reforma que se están a levar a cabo na fachada do edificio circular do complexo industrial de Sargadelos, no concello de Cervo, así como as medidas adoptadas ou previstas para garantir a protección dese ben de interese cultural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 482, do 04.06.2019

Punto 3. Proposición non de lei

- 3.1 48793 (10/PNC-003944)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a execución polo Goberno galego da totalidade do orzamento inicialmente consignado para o programa 422E "Ensinanzas artísticas" para o ano 2019



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.06.2019

Hora: 10:30


Orde do día

1.1 50683(10/CPC-000113)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da director xeral de Políticas Culturais, por petición

propia, para informar sobre a Estratexia da Cultura Galega



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do director xeral de Políticas Culturais para informar sobre "a Estratexia da Cultura Galega".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Admado por GARCIA, SERGIO ANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 05/06/2019 13:24:44

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



OVE: NoComVET1
Verificación: <https://media.xunta.gal/ove>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 48776(10/POC-007741)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para externalizar a elaboración dos informes referidos ao impacto das obras que afectan bens patrimoniais e a súa encomenda á empresa Tragsatec, así como as da demora na publicación da resolución referida á adxudicación do servizo

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 18:24:37
Nº Rexistro: 48776
Data envío: 04/04/2019 18:24:37.132



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta na Comisión 4.^a**, relativa á elaboración dos informes sobre o impacto das obras que afectan a bens patrimoniais.

O pasado 25 de marzo o DOG publicaba a resolución do 28 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se dá publicidade a unha encomenda de xestión ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., unha nova externalización de parte do servizo de elaboración dos informes sobre o impacto das obras que afectan a bens do patrimonio cultural e á súa contorna de protección.

Unha encomenda de 148.264,87 € cunha duración de catro meses e carácter retroactivo a inicios de marzo, malia saír publicado case a finais dese mes. O que supón, como denuncia a CIG unha artimaña coa que a Xunta pretende dar visos de legalidade ao traballo que TRAGSATEC veu desenvolvendo para a Dirección Xeral de Patrimonio entre xaneiro e marzo, logo de ter rematado a vixencia dun primeiro contrato en decembro.

Encomenda que supón que o persoal da empresa pública Tragsatec, que non ten entre os seus obxectivos a valoración das obras que afectan sobre o patrimonio cultural, se encargue da emisión de informes técnicos que debería realizar o persoal propio da Consellería o que implica mesmo o traslado dos propios informes.

Externalización que seguramente ven forzada, tamén, pola falta de persoal toda vez que Dirección Xeral de Patrimonio que xa carecía de persoal suficiente para

CSM - REXISTRO XERAL DE PREGUNTAS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





sacar adiante os expedientes, non aumentou o número de arqueólogas e arquitectas, chegando mesmo "ao esperpento de que prazas creadas na relación de postos de traballo da Consellería están vacantes, sen ocupar por persoa ningunha. Como resultado, os atrasos na emisión das resolucións de autorización son enormes, co conseguinte malestar na cidadanía".

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que razóns xustifican a externalización destes informes?
- 2.ª) Como encaixa esta encarga dentro dos propios obxectivos da empresa Pública Tragsatec, que carece de persoal propio capacitado para realizala?
- 3.ª) Que persoal cualificado figura na nómina de tragsatec para realizar estes traballos técnicos, cando sabemos que as contratacións se realizaron a través de portais dixitais de contratación, sen exixir os coñecementos básicos de lexislación imprescindibles para realizar estes informes?
- 4.ª) Cantos expedientes tramitados por Tragsatec tiveron que volver a ser revisados por técnicos competentes da Consellería?
- 5.ª) Por que se nega o dereito das traballadoras da Secretaría Xeral ao teletraballo coa excusa do traslado de expedientes pero estes si poden ser trasladados a unha empresa?
- 6.ª) Como se realiza a custodia dos expedientes mentres estes están fora das dependencias da Xunta de Galicia e como se garante a seguridade, integridade e non alteración dos mesmos?
- 7.ª) Canto diñeiro ten recibido a empresa Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 18:24:37
Nº Rexistro: 48776
Data envío: 04/04/2019 18:24:37.132



para a realización deste tipo de informes?

8.ª) Por que se publica a encomenda no DOG con case un mes de retraso?

9.ª) Pode confirmar se están tramitando proxectos de intervención arqueolóxica pese a que é necesario que estas autorizacións contén cun informe do servizo de arqueoloxía (segundo artigo 8.1 do Decreto 199/1997)?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 18:23:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 18:23:11



CSX: REXISTROSIAMHfEPRO

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 50320(10/POC-007927)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a autorización pola Consellería de Cultura e Turismo das obras de reforma que se están a levar a cabo na fachada do edificio circular do complexo industrial de Sargadelos, no concello de Cervo, así como as medidas adoptadas ou previstas para garantir a protección dese ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, 482, 04.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 16:58:18
Nº Rexistro: 50320
Data envío: 29/05/2019 16:58:18.256

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as obras no Ben de Interese Cultural do complexo industrial de Sargadelos en Cervo.

A fábrica de Sargadelos no Concello de Cervo está a ser reformada na súa fachada. No concreto no seu edificio circular, o primeiro construído do conxunto que conforma o monumento declarado como Ben de Interese Cultural (BIC) no ano 2014 (Decreto 171/2014, do 26 de decembro).

O edificio circular é unha obra de Andrés Fernández-Albalat Lois, membro do Laboratorio de Formas. A súa construción iniciouse en 1968. Esta edificación é descrita no propio Decreto como “un edificio industrial singular con forma de coroa circular, que responde ao requirimento funcional dun proceso produtivo linear no cal debían confluír o inicio e o final. Ao mesmo tempo, debía converterse en espazo de relación entre as persoas e cultural como sede do Laboratorio de Formas, así como símbolo da propia fábrica”.

Trátase, pois, dun complexo que alén de factoría é un monumento, unha mostra do inmenso patrimonio artístico e cultural de Galiza.

Desde a asociación Mariña Patrimonio denunciaron diante da Consellaría de Cultura e publicamente, que se están a levar a cabo obras na fachada do edificio circular

CSM-REXISTRO0609Ayu1y3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 16:58:18
Nº Rexistro: 50320
Data envío: 29/05/2019 16:58:18.256

sen a correspondente autorización por parte da Xunta como dispón a Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza no seu artigo 39.1: “as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª

- Foron autorizadas pola Consellaría de Cultura as intervencións desenvolvidas na fachada do edificio circular do complexo industrial de Sargadelos no Concello de Cervo?
- Que supuxeron as obras neste BIC, monumento cultural?
- Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir a protección deste BIC?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 16:58:18
Nº Registro: 50320
Data envío: 29/05/2019 16:58:18.256

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2019 16:56:55

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2019 16:56:59

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2019 16:57:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2019 16:57:02

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2019 16:57:03

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2019 16:57:04

CSX4_FIEYJSTRO6opAyclUjY3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposición non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 48793(10/PNC-003944)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a execución polo Goberno galego da totalidade do orzamento inicialmente consignado para o programa 422E "Ensinanzas artísticas" para o ano 2019

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Na memoria dos orzamentos para o ano 2019 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e no relativo ao programa 422E – Ensinanzas artísticas, podemos ler que a consellaría intenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

Con respecto a isto último, segundo a propia consellaría, en materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

1. Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas.
2. Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

Pese ao anterior, e analizando as execucións orzamentarias dos anos 2016, 2017 e 2018 en relación ao orzamentado inicialmente, temos as seguintes evidencias, en miles de euros:

	2016	2017	2018	TOTAL
Crédito inicial	33.601	36.083	36.932	106.616
Obrigas reconecidas	29.085	30.417	32.060	91.562
Diferenza	4.516	5.666	4.872	15.054

É dicir, nos últimos tres anos e con respecto ás previsións iniciais, as cantidades destinadas ás ensinanzas artísticas reducíronse en 15.054.000 € o que supón un 16,44 %.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 09:30:00
Nº Registro: 48793
Data envío: 04/04/2019 19:11:34.431

Pese a que esa redución vén sendo constante, nos orzamentos para o ano 2019 no programa citado figuran 38.638.000 €, o que pode supoñer unha incoherencia entre a traxectoria das cantidades destinadas inicialmente e o necesario coñecemento do que realmente se gasta.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a executar no ano 2019 e dentro do programa 422E – Ensinanzas artísticas, os 38.638.000 € orzamentados inicialmente.

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/04/2019 19:07:02

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2019 19:07:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2019 19:07:23



CSV REGISTRO B51Uz8n6
Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es